

Programa galego de Muller e Ciencia



2016-2020



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN DO II PROGRAMA GALEGO DE MULLER E CIENCIA 2016-2020	8
3. ENFOQUE E PRINCIPIOS REITORES DO II PROGRAMA GALEGO DE MULLER E CIENCIA	10
4. PRINCIPIOS E VALORES DA PROGRAMACIÓN NO SISTEMA GALEGO DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN	14
4.1.O marco europeo da política de igualdade de xénero e investigación.....	16
4.2.Análise da normativa, programas de investigación e transferencia estatal	20
4.3.Análise da normativa, programas de investigación e transferencia galega	25
5. AS PERSOAS NO SISTEMA GALEGO DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN	31
5.1.Presenza e participación das mulleres no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación galego	31
5.2.Produción científica e recoñecemento académico	46
6. OS PROCESOS E PROCEDEMENTO DE TRABALLO	48
7. ARTICULACIÓN DA ESTRATEXIA DO II PROGRAMA GALEGO DE MULLER E CIENCIA	63
8. SISTEMA DE XESTIÓN E SEGUIMENTO DO PROGRAMA	79
8.1.A organización interna.....	80
8.2.O sistema de seguimento e avaliación	82
9. BIBLIOGRAFÍA	85

1. INTRODUCCIÓN

O papel esencial que ten a investigación e a innovación no esforzo por un crecemento intelixente, sustentable e inclusivo en Europa implica facer un uso completo do capital humano, incluíndo a mulleres e homes por igual, pero en Europa a desigualdade de xénero na ciencia é un problema aínda sen resolver. Por iso, a Estratexia Europa 2020 expón a redución das desigualdades de xénero no mercado de traballo como un dos factores crave para un crecemento intelixente, sustentable e integrador.

Diversos estudos, grupos de análises e observación nacionais e internacionais¹ corroboran a baixa participación das mulleres no campo da investigación científica e tecnolóxica e as dificultades que as mulleres teñen no desenvolvemento das actividades investigadoras e da súa carreira profesional. Estes estudos, poñen de manifesto que, a pesar dos avances dos últimos anos, mantense unha forte *segregación horizontal*, pola cal as mulleres se concentran máis que os homes en actividades da área social e de humanidades, mentres estes teñen maior presenza nas áreas tecnolóxicas e de experimentación; e *vertical*, ao estar os postos de toma de decisións ocupados maioritariamente por homes tanto no ensino como na investigación e no proceso global de transferencia de coñecemento e desenvolvemento da actividade produtiva.

Nesta liña, os datos en Galicia mostran que aínda que as mulleres egresadas universitarias son cada vez máis numerosas, no curso 2013-2014 supoñen xa o 61,6% para estudos de primeiro e segundo ciclo de grao e o 60,4% para os de máster². Non obstante esta realidade non se traduce nunha maior visibilidade nin mellora da súa posición no sistema produtivo.

A nivel xeral, constátanse desigualdades no acceso ao emprego e nas condicións laborais, diferenzas salariais para traballos na mesma categoría

¹Estudos: *European Technology Assessment Network (ETAN)*, o Plan de Acción sobre Mulleres e Ciencias da UE, *She figures, Women in Industrial Research: A wake up call for European Industry*; e Equipos de análises: Grupo de Helsinqui de Mulleres e Ciencia, Comisión de persoas expertas sobre Mulleres na Investigación Industrial da Comisión Europea, Grupo Mulleres e Ciencia da FECyT.

²Datos do S.G. de Coordinación e Seguimento Universitario. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

profesional³ e dificultades para ascender e promocionar pola influencia tanto dos estereotipos sobre o papel das mulleres na sociedade e, por extensión, na investigación e na actividade científica e tecnolóxica, como pola diferente dispoñibilidade de mulleres e homes na asunción de responsabilidades vinculadas á actividade profesional e ao coidado.

O proceso de produción científica, a súa transferencia ao ámbito produtivo e o seu desenvolvemento caracterízase pola escasa integración da perspectiva de xénero tanto nos seus contidos como nos seus procedementos e metodoloxías. Consecuentemente, non se transversaliza suficientemente o principio de igualdade de oportunidades de mulleres e homes na estratexia organizativa, nin nos instrumentos e procedementos de traballo, nin nos resultados dos procesos de ciencia e tecnoloxía.

"Suponse que a ciencia é o paradigma do pensamento obxectivo, racional e crítico. Para moitas persoas aínda representa o modelo ideal de modernidade, de progreso social e mesmo da propia sociedade ilustrada na medida en que se enfronta aos prexuizos tradicionais e as supersticións. Por iso, a súa continua negativa a examinar de maneira crítica os seus propios rumbos de xénero, cando isto ocorre, prexudican a esa reputación na actualidade"⁴.

Por outra banda, as estratexias de intervención desde as cales abordar as desigualdades que se dan entre mulleres e homes sufriron unha evolución importante, especialmente a partir da IV Conferencia de Nacións Unidas sobre as Mulleres, celebrada en Beijing en 1995. Desde entón, produciuse gradualmente un cambio na forma de abordar a política de igualdade de mulleres e homes evolucionando desde a implantación de políticas específicas cara á transversalización do principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas xerais.

³ En Galicia a taxa de actividade das mulleres é 10 puntos inferior á dos homes (48,7% fronte a 58,7%), as mulleres sofren máis desemprego cunha taxa de paro do 18,7% fronte ao 16,6% entre os homes (EPA terceiro trimestre de 2015). En España, segundo a Enquisa Anual de Estrutura Salarial, en 2013 o salario medio anual das mulleres foi de 19.514,58 euros mentres que o dos homes foi de 25.675,17 euros.

⁴Harding, S. (2001) "How can women's standpoint advance the growth of scientific knowledge?" Gender&Research, Comisión Europea.

Neste contexto podemos falar do inicio de importantes cambios en España, tanto no ámbito estatal como nas diferentes Comunidades Autónomas, na forma de concibir o papel das distintas administracións públicas en relación co logro da igualdade entre mulleres e homes indo cara á implantación dunha progresiva, aínda que irregular, estratexia de mainstreaming de xénero.

O *mainstreaming* de xénero constitúe un instrumento básico para reforzar a incorporación do principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas públicas, que comprende a integración transversal da perspectiva de xénero en todas as áreas e a adopción de medidas específicas para as mulleres.

Os programas de ciencia e tecnoloxía deben, pois, incorporar a igualdade entre mulleres e homes tanto na súa vertente territorial (tendo en conta as directrices e normas nacionais e internacionais) como na sectorial e a iso debe contribuír o presente Programa porque como xa se indicaba no I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012, “só proclamar legalmente a igualdade entre mulleres e homes é insuficiente para permitir que as mulleres ocupen as posicións que, por mérito e calidade científica, lles corresponden”.

Con este II Programa preténdese incidir na investigación e a práctica científica para avanzar na igualdade entre mulleres e homes e no cambio institucional que o permita. Por iso, é imprescindible que o Programa aborde polo menos tres dimensións:

- Os valores e a cultura organizacional -institucional- na que se asentan aspectos intanxibles que rexen o facer.
- As persoas que son quen viven as situacións de desigualdade.
- Os procedementos de traballo tendo en conta os tres obxectivos do horizonte 2020: equilibrio na toma de decisións, nos equipos de investigación e nos contidos.

As políticas de Igualdade, se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero debe estar presente na diagnose e solución aos principais retos de Galicia, tamén deben contar con liñas de accións específicas, como o II Programa Galego de Muller e Ciencia, para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, entre as que se encontra a relativa aos ámbitos científico-tecnolóxico e da I+D+I.

A OCDE e a Unión Europea consideran a Especialización Intelixente (RIS3) como un paradigma na xeración de políticas de innovación, coma unha necesidade de concentrar dunha maneira eficiente os recursos dispoñibles para a xeración e explotación de coñecemento no contexto rexional, ao servizo dun número concreto de prioridades relacionadas coas fortalezas e vantaxes competitivas da rexión, e cun enfoque multifondo, para provocar unha orientación do tecido produtivo cara a unha senda de desenvolvemento económico das rexións baseada na innovación e o coñecemento.

A visión de conxunto da estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) é consolidar a economía galega para o ano 2020 en base á transformación do modelo produtivo, desde un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, no que teñen que participar homes e mulleres en igualdade de oportunidades, isto esixe un reforzamento da integración da perspectiva de xénero nese ámbito.

Neste contexto, o II Programa Galego de Muller e Ciencia é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 encadrándose co seu Eixe E2 "Benestar das persoas e as familias e cohesión social, no seu OE 2.4.0.3 "Impulsar a Igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres". Non obstante, tendo en conta a temática sectorial do citado Programa tamén se atopa moi vencellado ao Eixe 1 "Empregabilidade e crecemento intelixente", nomeadamente nalgúns dos obxectivos estratéxicos das prioridades de actuación PA 1.1 "Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento", e PA 1.5 "Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia"; así como co Eixe 4, no que se refire á Sociedade Dixital.

Neste senso cómpre resaltar que no ano 2014 as taxas de actividade e de ocupación, do grupo de idade de 16 a 64 anos, presentan no caso das mulleres valores inferiores aos dos homes, de 8 a 6 puntos respectivamente, ademais as mulleres continúan a ser as que, maioritariamente, atenden as responsabilidades polo coidado dos e das menores e/ou das persoas maiores dependentes, o que implica que abandonen moi cedo a súa carreira científica

e/ou investigadora. No ano 2013, a porcentaxe de mulleres con presenza na I+D+I era do 41%, polo que se fai necesario a realización dun II Programa Galego de Muller e Ciencia que contribúa a reducir ou eliminar a discriminación por razón de sexo, que promova o emprendemento e o autoemprego femininos e impulse actividades de información, formación, orientación, asesoramento, acompañamento e sensibilización que contribúan a concienciar sobre a necesidade de acadar a Igualdade entre mulleres e homes nos ámbitos científico e tecnolóxico.

O resultado que se pretende conseguir con este Programa, en concordancia co que establece o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, é a mellora no obxectivo da Igualdade real e efectiva entre mulleres e homes nos ámbitos social e laboral modificando os valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade nos ámbitos científico e tecnolóxico e potenciando a participación das mulleres en condicións de Igualdade.

2. METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN DO II PROGRAMA GALEGO DE MULLER E CIENCIA 2016-2020

A elaboración do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020 estruturouse en dúas fases: a análise documental e o deseño da estratexia.

A) Análise documental para a diagnose da presenza e participación das mulleres no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

A análise dividiuse en tres áreas: (i) os principios e valores da programación; (ii) as persoas; e (iii) os procesos e procedementos. Como técnica principal empregouse a investigación documental, que se configura como unha ferramenta fundamental de recompilación, sistematización e estudo da información rexistral.

A información recolleuse de fontes públicas secundarias (normativa, estudos, estatísticas e documentos sobre o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación) así como das páxinas web das entidades implicadas. As principais referencias pódense consultar na bibliografía anexa a este II Programa.

O marco de interpretación utilizado foi a perspectiva de xénero e os indicadores referidos aos principios, valores, procesos e procedementos de traballo centráronse en identificar a presenza explícita da igualdade nos documentos e na normativa, a través do número e tipo de mencións da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e da perspectiva de xénero atopadas. Este mesmo criterio utilizouse para a análise das páxinas web, engadindo o número de clicks necesarios para atopar información referida á igualdade de mulleres e homes.

No caso da información referida a persoas utilizáronse estudos e estatísticas como fontes secundarias e os indicadores habituais de presenza e posición xerárquica que se reflicten no texto.

A limitación, xeneralizable ao resto de España, á hora de mostrar a situación das investigadoras e investigadores no sistema galego de I+D+i foi a falta de datos cuantitativos actualizados e suficientemente desagregados por sexo.

B) Deseño da estratexia de intervención.

Para elaborar a estratexia de actuación do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020 seguiuuse un enfoque participativo coas persoas que integran as institucións presentes na Unidade de Muller e Ciencia e que representan os diversos intereses e necesidades das distintas partes do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación coa finalidade de lograr posteriormente o compromiso de todas as institucións na execución do II Programa.

Este enfoque participativo permite consensuar e acordar os aspectos fundamentais sobre os que o II Programa pretende incidir, así como identificar os mecanismos e instrumentos para canalizar a intervención. Só unha visión compartida da situación das mulleres no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación, e das posibles liñas estratéxicas para mellorar a devandita posición, pode realmente transformar as bases do sistema que son as que perpetúan a situación de desigualdade entre mulleres e homes.

Con estas premisas, o proceso de elaboración do II Programa supuxo a realización das seguintes tarefas:

- Sesión de presentación do proceso ao Pleno da Unidade de Muller e Ciencia e acordo sobre o cronograma de realización e creación dun grupo de traballo para a elaboración do plan.
- Elaboración do marco contextual a partir das fontes secundarias accesibles.
- Sesión de contraste do documento co Pleno, definición de liñas estratéxicas e primeira aproximación á formulación de obxectivos xerais e específicos.
- Elaboración do documento base do Programa contendo obxectivos e actuacións.
- Revisión do documento base polo Pleno da Unidade a partir de fichas organizadas por eixos e obxectivos, contendo unha primeira proposta de actuacións para cada obxectivo específico.
- Incorporación das modificacións propostas polo Pleno da Unidade de Muller e Ciencia e envío á Secretaría Xeral da Igualdade como responsable da coordinación e elaboración do Plan.
- Elaboración da versión definitiva do II Programa de Muller e Ciencia.


3. ENFOQUE E PRINCIPIOS REITORES DO II PROGRAMA GALEGO DE MULLER E CIENCIA

O *Mainstreaming*, ou transversalidade de xénero, configurouse como a estratexia máis idónea para o avance na incorporación do principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas públicas dentro do seu enfoque dual, que combina a integración transversal da perspectiva de xénero en todos os ámbitos de actuación, xunto coa adopción de medidas específicas dirixidas a mulleres, necesarias para eliminar as desigualdades entre mulleres e homes que existen nos diferentes ámbitos.

A transversalidade ou enfoque integrado de xénero constitúe a base do desenvolvemento estratéxico do II Programa de Muller e Ciencia e require aplicar e integrar a perspectiva de xénero de forma activa na adopción e execución das disposicións normativas, na definición e orzamento da política de ciencia, tecnoloxía e innovación, así como no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

En consonancia con esta estratexia de transversalidade, os principios reitores que guían a elaboración do Programa son os seguintes:

Gráfico 1. Principios reitores do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020



Fonte: Elaboración propia.

- **Igualdade e non discriminación.** Perséguese a incorporación das mulleres en igualdade de condicións que os homes para lograr o desenvolvemento e crecemento económico, así como a modernización social do ámbito de actuación, evitando para iso a discriminación indirecta por razón de sexo.
- **Reforzar a non neutralidade co xénero nas políticas e procedementos administrativos.** Supón tomar conciencia de que tanto as políticas como os procedementos administrativos teñen efectos positivos na igualdade se existe unha clara intención de incidir nela favorablemente. Con todo, moitas veces, baixo a crenza de que os procedementos administrativos son neutros respecto da igualdade, prodúcese resultados negativos debido a que a inercia na forma de facer non ten en conta as desiguais posicións de mulleres e homes e actúa coma se ambos os sexos partisen do mesmo punto.
- **Visibilidade das mulleres.** Implica valorar e fortalecer as formas de facer, de tomar decisións e relacionarse das mulleres mostrando novos referentes á sociedade nunha dobre vertente: (i) capacidade das mulleres para acceder aos postos de decisión e (ii) apreciación das contribucións das mulleres ao sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación.
- **Corresponsabilidade.** Significa incidir no reparto das responsabilidades de coidado que as mulleres asumen en maior medida que os homes como resultado da socialización diferencial de xénero. A intención é que homes e mulleres teñan os mesmos dereitos, deberes e obrigacións no ámbito público e privado, no mercado de traballo, nas responsabilidades familiares e na toma de decisións.
- **Participación.** Os procesos de deseño, execución e avaliación han de implicar a todas as persoas e axentes que se identifiquen como relevantes, o que inclúe necesariamente aos organismos que xestionan as políticas, servizos e recursos.
- **Cooperación institucional** para lograr que a igualdade de mulleres e homes sexa un principio horizontal de intervención. Supón que todas as

institucións que integran o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación se comprometan na implantación da estratexia, incluíndo como elemento esencial da súa actuación a perspectiva e o impacto de xénero e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

ANÁLISE DIAGNÓSTICO

4. PRINCIPIOS E VALORES DA PROGRAMACIÓN NO SISTEMA GALEGO DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN

O avance cara a unha sociedade do coñecemento innovadora implica desenvolver programas aliñados cos obxectivos da Estratexia Europea para a Convergencia e o Emprego (Estratexia de Lisboa), asinada no ano 2000 no Consello Europeo extraordinario de Lisboa ten como finalidade *"converterse na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de crecer economicamente de maneira sustentable con máis e mellores empregos e con maior cohesión social"*

A partir deste marco xeral, as prioridades de investigación veñen guiadas pola Estratexia Horizonte 2020 (2014-2020), da Unión Europea, que logo se traslada a escala nacional na Estratexia Estatal de Innovación, e no ámbito autonómico na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia).

Seguindo esta filosofía, os gobernos estatais e autonómicos desenvolven os programas nos que se delimitan as liñas estratéxicas que se queren apoiar e elaboran as normas que configuran o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

En Galicia a Axencia Galega de Innovación (GAIN), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, é a responsable do deseño e implantación do marco estratéxico da investigación, o desenvolvemento e a innovación sobre a base das directrices europeas, nacionais e rexionais.

A Xunta de Galicia conta coa Unidade de Muller e Ciencia que se crea coa finalidade de incorporar unha área de traballo interdepartamental para "dinamizar e transformar o sistema de ciencia e tecnoloxía galego, a través da integración da perspectiva de xénero como estratexia de avance nun modelo de sociedade máis xusta e acorde coas necesidades da poboación".

No sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación, GAIN configúrase como un nodo central coordinador dos diferentes subsistemas no que se insiren os diferentes axentes. Nestes subsistemas a Unidade de Muller e Ciencia actúa de forma coordinada de acordo co artigo 2 do seu Decreto de creación, como "órgano

colexiado de asesoramento, proposta e colaboración integrado na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e que se adscribe ao departamento competente en materia de políticas de igualdade”, configurándose como instrumento de transversalización no marco das actuacións e programas sobre Muller e Ciencia.

Un dos retos principais do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación é a xestión do talento, desde a concepción de que o “valor das persoas convértese no recurso diferencial por excelencia das organizacións e por tanto das rexións” sen diferenzas de xénero.

Así mesmo, o sistema aposta pola *excelencia nos procesos de investigación* dos organismos públicos de investigación, Universidades e centros tecnolóxicos, e sobre todo nas actividades de colaboración entre estes axentes coa investigación empresarial para “a valorización do coñecemento, en canto á súa capacidade de converterse en propostas empresariais innovadoras e intensivas en coñecemento” que teñan unha utilidade económica e social.

Outro dos retos é o *crecemento empresarial*, tendo en conta a estrutura económica galega, constituída principalmente PEMES, a través das iniciativas que permitan vincular innovación, crecemento empresarial e internacionalización.

A incorporación real do *mainstreaming de xénero* como estratexia para **superar as discriminacións de xénero** e aproveitar o talento feminino, incidindo na erradicación das grandes barreiras e resistencias á integración real da perspectiva de xénero nos procesos de investigación e transferencia, convértese noutro reto para ter en conta e para especificar nos documentos tanto normativos como programáticos de forma que se poida actuar sobre as causas da situación e que teñen a súa orixe en:

- Os valores androcéntricos que sustentan o sistema.
- As directrices estratéxicas que os orientan e non sempre incorporan de forma uniforme a igualdade.
- Os axentes implicados no seu desenvolvemento que non colocan no centro do que fan a mulleres e homes senón a produtos e recursos.

- Os procesos de traballo concibidos como neutros ao xénero e, por iso como procedementos non susceptibles de influír na igualdade de mulleres e homes.
- A non determinación de resultados e indicadores que mostren o efecto sobre a igualdade.

Partindo destas premisas, é imprescindible identificar o mandato de xénero no marco normativo europeo, estatal e autonómico, que debe ser unha das bases para establecer as liñas estratéxicas do Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020.

4.1. O marco europeo da política de igualdade de xénero e investigación

O desenvolvemento normativo en materia de igualdade de xénero da Unión Europea supuxo un verdadeiro impulso para que as institucións públicas nacionais e rexionais o asumisen como principio básico de ordenación e actuación.

A inclusión da igualdade entre mulleres e homes como principio fundamental no Tratado de Roma (artigo 111), e a adopción no Tratado de Ámsterdam dunha óptica que converte a igualdade nun obxectivo e obriga a incorporala en todas as actividades dando natureza xurídica á estratexia do mainstreaming de xénero, supuxo un avance na eliminación das desigualdades de xénero.

En liña con este mandato, a Visión Estratéxica do Espazo Europeo de Investigación adoptada en 2010 sinala como obxectivo para o ano 2030 que “a metade de todo o persoal científico, en todas as disciplinas e en todos os niveis do sistema científico, sexan mulleres” pretendendo con iso, acabar coa segregación horizontal e vertical que existe na ciencia europea.

Para contribuír a este fin desenvolveuse unha abundante normativa, entre a que destacamos:

- Directiva 76/207/CEE, relativa á igualdade de trato no que se refire ao emprego, á formación profesional e ás condicións de traballo (modificada en 2002)
- Directiva 75/117/CEE, relativa á igualdade de retribución entre os traballadores e as traballadoras.

- Directiva 79/7/CEE relativa á igualdade de trato en materia de seguridade social
- Directiva 2004/113/CE relativa á igualdade en canto ao acceso a bens e servizos e á súa subministración
- Directiva 2006/54/CE, do 5 de xullo de 2006, refunde diversos actos lexislativos e regula a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

Sobre a utilización da estratexia de Mainstreaming de xénero é importante ter en conta a Comunicación⁵ na que se recollen diversas orientacións para a integración da perspectiva de xénero en diversas políticas e ámbitos de actuación.

No ámbito específico da investigación e desenvolvemento podemos poñer de relevo os seguintes fitos na Unión Europea:

- A creación en 1998 do Grupo de Traballo ETAN (European Technology Assessment Network), que en 2001 publicou un documento de referencia neste ámbito: *Política Científica na Unión Europea. Promover a excelencia mediante a integración da igualdade de xénero*.
- A constitución en 1999 do Grupo Helsinqui sobre mulleres e ciencia, composto por unha rede de persoas expertas no contexto do V Programa Marco de accións de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (1998-2002).
- A creación en 2002 do Grupo Women in Industrial Research (WIE), para abordar en maior profundidade o campo da empresa, que traballou sobre un conxunto de recomendacións que se denominaron *Women in Industrial Research. Speeding up changes in Europe* (Comisión Europea, 2004).
- O desenvolvemento de certas medidas innovadoras pola Dirección Xeral de Investigación da Comisión Europea tales como: programas de formación sobre xénero e ciencia, obxectivos para a presenza de mulleres nos comités, equipos e convocatorias dos programas de investigación, estatísticas

⁵ Comunicación Integrar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no conxunto das políticas e accións comunitarias (COM(96)67 final

trianuais *She Figures* e convocatoria de proxectos para o cambio estrutural das institucións.

Como consecuencia destes traballos e avances, empezáronse a incluír medidas específicas de promoción da igualdade de xénero no campo da investigación e transferencia. Entre estas accións atopamos as seguintes:

- O **V Programa Marco (1998-2002)**, estableceu no seu preámbulo que “a política comunitaria de igualdade de oportunidades debe terse en conta na súa aplicación”. Este aspecto retómase no anexo do devandito programa marco, que precisa as grandes liñas das accións comunitarias, os obxectivos científicos e tecnolóxicos, e as correspondentes prioridades resaltando que “Terase especialmente en conta a necesidade de promover a participación das mulleres nos sectores de investigación e o desenvolvemento tecnolóxico”.
- Co **VI Programa Marco (2002-2006)**, póñense en marcha os plans de acción sobre xénero (*gendersplans*), sendo obrigatorios para os grandes proxectos, e establécese que estes “deben indicar se, e de que maneira, o sexo e o xénero son variables relevantes nos obxectivos e metodoloxía expostos”. No capítulo dedicado á Concentración e Integración da Investigación Comunitaria, contéplase explicitamente a igualdade de sexos, así como “velar por alcanzar unha representación igual de ambos os sexos nas accións da investigación orientada a políticas específicas”.
- O **VII Programa Marco (2007-2013)** non contempla a obrigatoriedade dos *gendersplans*, aínda que se sitúa na lóxica do *mainstreaming* respecto da perspectiva de xénero, incluíndoa nos aspectos relativos á avaliación dos proxectos.
- Por último, o programa actual, **Horizonte 2020** (2014-2020) persegue 3 obxectivos específicos:
 - (i) Crear unha ciencia de excelencia
 - (ii) Facer de Europa un lugar atractivo para investir en investigación e innovación (Liderado industrial)

- (iii) Investigar nas grandes cuestións que afectan á cidadanía europea. Neste último obxectivo inclúense áreas estratéxicas como saúde, alimentación e agricultura, ciencias do mar, enerxía, transporte, clima e materias primas, sociedades inclusivas e seguridade que deben levar implícita a política de xénero. Por exemplo, establécese que se executarán accións para eliminar as barreiras que impiden ás mulleres desenvolver unha carreira científica satisfactoria.
- No **II Plan de traballo para a igualdade entre mulleres e homes (2006-2010)** destaca dentro da liña 3 o promover a representación paritaria das mulleres e homes na toma de decisións establecendo como medidas fundamentais:
 - Introducir o mainstreaming de xénero nos programas comunitarios de investigación, ciencia, así como o desenvolvemento da investigación en xénero.
 - Promover a presenza das mulleres en carreiras científicas e técnicas.
 - Intercambiar boas prácticas nas escolas e nas empresas sobre os roles de xénero non estereotipados.
- Na **Estratexia para a Igualdade entre mulleres e homes para 2010-2015** sinálase como unha acción crave o cumprimento do obxectivo de que o 25% de mulleres ocupen postos de toma de decisións na investigación científica.
- No **Compromiso Estratéxico para a igualdade de xénero 2016-2019** mantense un obxectivo e actuacións tendentes a aumentar a presenza de mulleres nos postos de toma de decisións, así como a transversalización da perspectiva de xénero en todas as actividades da Unión Europea.

No seu conxunto, compróbase como as institucións europeas están a requirir unha **representación equilibrada de homes e mulleres en todos os aspectos e niveis da investigación científica** que implicarían a articulación de accións positivas e unha **integración sistemática da dimensión de xénero** en todos os aspectos do Marco Estratéxico Común. Isto é, desenvolver a estratexia da

transversalidade de xénero incorporando a perspectiva de xénero no conxunto das accións e programas.

4.2. Análise da normativa e programas de investigación e transferencia estatal

En España a principal referencia en materia de igualdade de xénero é a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Na súa exposición de motivos, sinala que: "A maior novidade desta Lei radica, con todo, na prevención desas condutas discriminatorias e na previsión de políticas activas para facer efectivo o principio de igualdade. Tal opción implica necesariamente unha proxección do principio de igualdade sobre os diversos ámbitos do ordenamento da realidade social, cultural e artística en que poida xerarse ou perpetuarse a desigualdade. De aí a consideración da dimensión transversal da igualdade, sinal de identidade do moderno dereito antidiscriminatorio, como principio fundamental do presente texto".

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, consolida o paso da concepción do principio de igualdade como ámbito sectorial de intervención da administración pública á universalidade da súa aplicación (Lousada, 2008⁶), o que implica dúas vías de abordar o cambio: a súa integración nas "formas de facer", isto é, os procesos e procedementos de traballo mediante os cales a administración pública dá cumprimento ás súas funcións, e introducir "cambios na estrutura e formas de organización da administración pública".

En relación coa ciencia e a tecnoloxía, no artigo 26 *Igualdade no ámbito da creación e a produción artística e intelectual*, a Lei Orgánica estende facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes en todo o concernente á creación e produción artística e intelectual, e á súa difusión. Así, impulsa a tomar medidas para combater a discriminación estrutural e/ou difusa, a contar cunha representación equilibrada nos distintos órganos consultivos, científicos e de decisión, e a adoptar medidas de acción positiva para favorecer a creación e produción artística e intelectual das mulleres.

⁶Lousada Arochena, José F. (2008). *O principio de transversalidade da dimensión de xénero*. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Pola súa banda, o artigo 28.1 *Sociedade da Información*, recolle especificamente a obrigatoriedade de transversalizar o principio de igualdade de xénero nas accións públicas tendentes ao desenvolvemento da sociedade da información: “todos os programas públicos de desenvolvemento da Sociedade da Información incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no seu deseño e execución”.

En relación coa normativa e planificación estratéxica que regula o sistema estatal de ciencia e tecnoloxía constátase que a aplicación do *mainstreaming* vaise diluíndo conforme se fai máis operativa a estratexia, estando máis presente na regulación e orientación de máis alto rango, e desaparecendo paulatinamente no seu desenvolvemento operativo. Os documentos analizados foron os seguintes:

- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
- Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.
- Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020.
- Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2013-2016.
- Axenda Dixital para España 2013-2015 do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación fai referencia ao compromiso de integración da perspectiva de xénero como fórmula para cumprir coa lexislación vixente, e desenvolve algúns aspectos tendentes a promover a aplicación efectiva do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Así, recolle no preámbulo a lexislación sobre igualdade nomeando explicitamente a equidade entre mulleres e homes, transversalizando a articulación da perspectiva de xénero, e facendo uso dunha linguaxe non sexista. A incorporación do enfoque de xénero con carácter transversal preséntase como unha medida “de carácter novo”, que pretende situar á lexislación española en materia de ciencia e tecnoloxía na vangarda lexislativa.

Doutra banda, proclámase un cambio do modelo produtivo que supón valorar o capital intelectual das mulleres e homes que compoñen a sociedade para que realmente se poida colocar á tecnoloxía como motor económico. Así se indica que: “A economía española debe avanzar cara a un modelo produtivo no que a innovación está chamada a incorporarse definitivamente como unha actividade

sistemática de todas as empresas, con independencia do seu sector e tamaño, e no que os sectores de media e alta tecnoloxía terán un maior protagonismo”, engadindo que: “a perspectiva de xénero instáurase como unha categoría transversal na investigación”.

Como medidas específicas podemos destacar a inclusión dos seguintes artigos:

- Artigo 2. *Obxectivos xerais*: recolle o obxectivo de: “Promover a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal na ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como unha presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación”.
- Artigo 14.1.d. *Dereitos do persoal investigador*: establece “o principio de igualdade de xénero no desempeño das súas funcións investigadoras, na contratación de persoal e no desenvolvemento da súa carreira profesional”.
- A disposición adicional décimo terceira dedicada a Implantación *da perspectiva de xénero*, enumera os aspectos relativos á composición e presenza equilibrada entre mulleres e homes en órganos, consellos e comités, a recompilación, tratamento e difusión de datos desagregados por sexo e indicadores de presenza e produtividade, a inclusión de mecanismos para eliminar os nesgos de xénero nos procedementos de selección e avaliación do persoal investigador, nos procedementos de concesión de axudas e subvencións, así como na adopción de Plans de Igualdade, de seguimento anual.

A regulación universitaria (LOM-LOU), polo seu impacto directo no sistema de ciencia e tecnoloxía, supón un avance para mellorar a situación das mulleres no campo docente, investigador e de xestión, xa que desde o seu preámbulo indica que “os poderes públicos deben remover os obstáculos impostos ás mulleres para conseguir unha maior presenza nos órganos de goberno das universidades, e no nivel máis elevado da función pública, docente e investigadora de acordo coa porcentaxe que representan as mulleres entre os titulados universitarios”.

Neste sentido, é amplo o articulado que promove a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Por exemplo, o artigo 13 sinala que “os estatutos universitarios deberán establecer as normas electorais que propicien nos órganos colexiados a presenza equilibrada de mulleres e homes”. O artigo 41.1 indica a

necesidade de que a universidade leve unha xestión eficaz garantindo o fomento e consecución da igualdade e no artigo 64.1 sinálase que nos concursos de acceso se debe garantir a igualdade de oportunidades dos candidatos e o respecto aos principios de mérito e capacidade.

Nos cargos unipersoais as mulleres atopan maiores obstáculos para que os méritos se lles valoren con criterios de igualdade, e para acceder a eles detéctanse as principais barreiras: menor recoñecemento do labor das científicas, mecanismos informais de relación que premian aos homes, menos dispoñibilidade de tempo pola tripla xornada das mulleres, etc.

Outro aspecto positivo desta Lei 14/2011 é que formula, na disposición adicional duodécima, a necesidade de crear as Unidades de Igualdade nas Universidades como instrumentos para promover o desenvolvemento do principio de igualdade entre mulleres e homes e velar pola súa aplicación.

En canto aos programas e plans de investigación científica, técnica e innovación estatais, só fan referencias xenéricas á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fundamentalmente no ámbito dos principios orientadores das políticas sobre investigación e transferencia, a pesar do recollido na Lei 14/2011 sobre a necesidade de que tanto a Estratexia de Ciencia e Tecnoloxía, como o Plan de Investigación Científica, Técnica e de Innovación incorporen de forma efectiva a perspectiva de xénero como principio estratéxico.

Establécese unha asociación a nivel dos principios e orientacións entre a igualdade de mulleres e homes e a calidade da investigación e, máis indirectamente, no desenvolvemento socioeconómico. Desta forma, asúmese que é preciso fomentar unha maior participación feminina nos procesos de investigación para contribuír a mellorar a súa calidade, ampliando as visións e interpretacións dos problemas, paliando o déficit de persoal científico, aumentando a competitividade, a xeración de riqueza e o benestar.

O discurso sobre a igualdade, polo tanto, expónse en termos positivos como contribución das mulleres á sociedade, sen afondar na necesidade de cambiar procesos e procedementos de traballo para evitar discriminacións indirectas por razón de sexo, responde, pois a referencias xerais que teñen escasa implicación na práctica da investigación. Con todo faise alusión á necesidade de impulsar a

perspectiva de xénero nos contidos da investigación, pero non se establece un sistema concreto que permita asegurar como se van a potenciar estes contidos á hora de avaliar as propostas de investigación.

Outro documento básico para impulsar o sistema de ciencia e tecnoloxía é a Axenda Dixital para España, que establece o marco en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) e da administración electrónica; co obxectivo de maximizar o impacto das políticas públicas en TIC para mellorar a produtividade e a competitividade, así como transformar e modernizar a economía e sociedade española.

Esta estratexia contempla no seu Obxectivo 6: *Promover a inclusión e alfabetización dixital e a formación de novos profesionais TIC*. Entre a lista de obxectivos específicos establece a necesidade de “avanzar na igualdade entre mulleres e homes na Sociedade da Información” para o desenvolvemento dunha estratexia de inclusión dixital.

Nesa liña de inclusión recolle como acción concreta a elaboración dun plan de acción para a igualdade de mulleres e homes na Sociedade da Información, que elaborará o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

En xeral, na Axenda Dixital non se transversaliza a perspectiva de xénero na súa estratexia, senón que se contemplan accións específicas a realizar para o avance na igualdade de xénero.

4.3. Análise da normativa e programas de investigación e transferencia galega

No ámbito autonómico, en desenvolvemento das competencias asumidas polo Estatuto, aprobáronse dúas leis galegas en materia de igualdade, unha no ano 2004 de carácter integral e outra no ano 2007 específica para o ámbito do traballo, hoxe recollidas no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, así como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade comparte coa Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes unha concepción moderna da igualdade entre mulleres e homes, pois recoñece xa desde a propia exposición de motivos, que o principio universal da igualdade ten que ser incorporado de maneira activa e de forma transversal en todas as actuacións, e por parte de todas as instancias que conforman a Administración Pública Galega.

Ademais, o artigo 5 *Significado da transversalidade e criterios de actuación*, establece que “coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia”.

Esta normativa fai referencia indirecta á área de ciencia e tecnoloxía no artigo 20 relativo ás *cuestións de xénero no campo da educación superior*, ao introducir a necesidade de fomentar o estudo das cuestións de xénero no ámbito da educación superior.

Esta previsión tamén é extensible ao sistema de innovación, posto que é necesario que se proxecte en todas as súas actividades o principio de igualdade, transversalizando a perspectiva de xénero tanto nos seus contidos como nos seus procedementos, métodos e instrumentos, tal e como aparece recollido no Decreto

Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Nese mesmo sentido operaría o VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, e de forma concreta o segundo obxectivo específico establecido para articular o Eixo 3 Aproveitamento do talento feminino: “Promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres, con especial atención aos sectores relacionados coa tecnoloxía, o coñecemento e a creatividade”.

Unha liña instrumental para avanzar no logro da igualdade de xénero que se recolle na Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan Galego de Estatística 2012-2016 é a consideración do xénero como unha parte integrante da actividade estatística. Neste sentido establece que “(...) as actividades estatísticas haberán de ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que prevexan datos sobre persoas físicas haberán de recollerse e difundirse por sexo” (artigo 6.2). Sinala tamén que os datos agregados invisibilizan a situación de desigualdade xa que non permiten evidenciar situacións claramente discriminatorias das mulleres fronte aos homes.

De forma específica, a normativa básica que regula o sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación en Galicia é a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e a innovación en Galicia e inclúe algunhas das obrigacións da Lei Orgánica 3/2007 utilizando, ademais, unha linguaxe non sexista na maior parte do seu articulado.

En concreto, no artigo 2 recóllese o obxectivo de: “Promover a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal na ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como unha presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos do Sistema Galego de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación”.

Doutra banda, recoméndase unha presenza equilibrada entre mulleres e homes, que responde os principios de paridade/presenza equilibrada entre mulleres e homes, para a composición de órganos, consellos e comités, en concreto, no Consello Asesor de Investigación e Innovación (artigo 22.2.).

Nas disposicións adicionais tamén se pon de manifesto a necesidade de avanzar cara á igualdade entre mulleres e homes, ao aludir ao papel que a Administración

debe desempeñar para promover “a igualdade efectiva de sexos no ámbito da investigación, transferencia, e valorización da innovación”.

Así, e a pesar de que a incorporación das mulleres á dirección das empresas é unha “estratexia intelixente”²⁵, o perfil das empresas responde ao das estruturas tradicionais baseadas tanto na segregación horizontal como vertical, realidade que como demostran diversos estudos é prexudicial para a rendibilidade das empresas: “as mulleres traen beneficios ás empresas, sobre todo se forman parte do comité de dirección destas”. Demostrouse que a presenza de mulleres nos postos directivos das empresas correspóndese cunha maior rendibilidade das mesmas xa que supón “realizar unha integración que some o talento das persoas, sen excluír a ninguén por un tema de xénero”²⁶.

Non debe esquecerse que nunha sociedade androcéntrica, tal como puxeron de relevo diversas investigacións, as actividades realizadas por mulleres teñen menos valor e mesmo o perden ao feminizarse. Esta realidade ten que ver con que a sociedade non concede recoñecemento nin autoridade ás mulleres. Para lograr que a produción científica teña unha mirada non androcéntrica débese de producir un cambio institucional que facilite a participación e recoñecemento das mulleres, e a integración do principio de igualdade de oportunidades de mulleres e homes tanto nos procesos como nos procedementos de traballo.

Para iso, desde o inicio débese traballar en visibilizar e valorar a contribución das mulleres, desterrando a visión tradicional na que se presentan estas achegas

²⁵ Martínez Ten, Carmen e González Ruiz, Pilar. (2007). *As Mulleres na dirección de empresa*. Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

²⁶ Dezső, Cristian L. e Gaddis Ross, David.(2012). “Does Female Representation in Top Management Improve Firm Performance? A Panel Data Investigation”. En *Strategic Management Journal* 33, nº 9: 1072-1089.

como anecdóticas ou secundarias, e outorgándolles o papel político, social, artístico, científico e cultural que realmente teñen.

Neste sentido o Plan Proxecta, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que pretende fomentar a innovación educativa a través do desenvolvemento de competencias crave e elementos transversais, que inclúen a educación en valores, contribúe á transformación que se demanda para valorar adecuadamente o papel das mulleres na sociedade.

No campo científico, este Plan ten incidencia directa a través dos programas nos que colabora a Secretaría Xeral da Igualdade: "Doas de Si", que persegue "a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea", e "Por 365 días de respecto e Igualdade", cuxa finalidade é "a prevención da violencia de xénero no ámbito educativo".

Outro instrumento que contribúe a este cambio ao traballar desde a orixe na eliminación dos roles de xénero é a Unidade Didáctica María Wonenburger: *unha científica adiantada ao seu tempo*, elaborada no ano 2015 pola Secretaría Xeral de Igualdade, dirixida ao alumnado de educación secundaria, e que é utilizada como material básico polo Programa Doas de Si do Plan Proxecta e polo Programa de Estímulo do Talento Matemático (ESTALMAT).

A este mesmo fin contribúen as unidades didácticas Emilia Pardo Bazán: *A condesa Rebelde*, Concepción Arenal: *A visitadora de cárceres*, que ademais perseguen reparar a débeda que a historia ten coas mulleres, a través da educación e do coñecemento das grandes figuras femininas da historia de Galicia.

Por último revísase un aspecto esencial do sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación, o financiamento para a investigación. De aí a necesidade de identificar se as convocatorias de axudas integran a perspectiva de xénero. A normativa revisada foi a seguinte:

- Orde do 24 de xaneiro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia, parcialmente cofinanciadas polo Fondo

Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa operativo de Galicia 2007-2013.

- Convocatoria de consolidación e estruturación de Centros Tecnolóxicos. Orde do 16 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrancia competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.
- Orde do 4 de abril de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrancia competitiva, das axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do Sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.
- Orde do 14 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrancia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2014.
- Resolución do 30 de novembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrancia competitiva, das axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación

Na Orde do 24 de xaneiro de 2012 hai unha referencia á igualdade de xénero en relación co propósito de establecer unha convocatoria que “quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no Sistema Universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recollía o artigo 1 da Lei 7/2004²⁷, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres. Por iso, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o peso relativo das

²⁷ Derrogada polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

mulleres nas propostas presentadas, de maneira que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo”.

Na Orde do 14 de maio de 2014 afírmase que se terá en consideración o liderado das mulleres nas propostas presentadas.

Na Orde do 4 de abril de 2014, a convocatoria explicitamente recolle no preámbulo a súa intención de “contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no Sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres. Por iso, as axudas que se regulan nesta convocatoria terán en consideración o liderado das mulleres nas propostas presentadas”.

Así, e conforme á listaxe da Resolución do 14 de agosto de 2014 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 4 de abril de 2014 para o período 2014-2017, realizouse unha repartición equilibrada por sexo dos recursos dispoñibles. Concedéronse 17 axudas a proxectos de Grupos de Investigación liderados por mulleres (52,4% do orzamento), fronte ás 16 axudas para proxectos liderados por homes.

En relación á Orde pola que se convoca o programa de consolidación e estruturación das Unidades de Investigación, no cadro de indicadores de valoración, dentro da perspectiva interna, recóllese a igualdade no cadro do persoal investigador, aínda que cun peso moi escaso (0,4% do total de puntuación).

A Resolución do 30 de novembro de 2015 establece entre os criterios de avaliación de proxectos a igualdade de xénero a través da *participación equilibrada de mulleres do equipo humano do proxecto*.

Un apoio ao financiamento de proxectos, pero sobre todo unha forma de recoñecer a calidade da investigación, é a concesión de premios ou posibilidade de incorporarse a equipos de excelencia tanto locais como internacionais.

As principais convocatorias que aparecen nas páxinas web das universidades galegas son as seguintes:

- VI Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da USC.
- Premios de Investigación Lilly para Alumnos de Doutoramento (USC).
- Convocatoria 2015 para a incorporación a ITMATI de membros adscritos da Universidade da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo”.
- IX Edición do Premio á Investigación Fundación Eduardo Barreiros 2016.
- Premios de Investigación Matemática Vicent Caselle.
- Premio Universitario 'A Caixa' de Comunicación Científica Contar a Ciencia.
- Premio da UE ás Mulleres Innovadoras (EU Prize for Women Innovators).
- A Unidade de Muller e Ciencia outorga anualmente o Premio María Josefa Wonenburger Planells, como fórmula para incidir tamén no recoñecemento das traxectorias científicas das mulleres.

Salvo nas convocatorias específicas para mulleres, no resto de premios e bolsas as bases non fan ningún tipo de mención ou referencia ás necesidades de asegurar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

No caso dos premios María Josefa Wonenburger Planells, desde 2008 recibírono destacadas científicas, de distintas áreas do coñecemento:

Ano	Premiada	Área de Coñecemento
2015	Isabel Aguirre de Urcola	Arquitectura
2014	Carmen García Mateo	Enxeñería de telecomunicacións
2013	María José Alonso Fernández	Farmacoloxía
2012	María Tarsy Carballas Fernández	Agrobioloxía
2011	Ofelia Rey Castelao	Historia Moderna
2010	Carmen Navarro Fernández-Balbuena	Anatomía Patolóxica
2009	María S. Soengas Suárez	Melanoma-Oncoloxía
2008	Teresa Miras Portugal	Bioquímica e Bioloxía Molecular
2007	Inmaculada Paz Andrade	Física Aplicada

Con todo, tal e como se analiza no Informe das *Mulleres nos premios Científicos en España 2009-2014*, o resultado deste tipo de recoñecemento e apoio á

investigación “pon de manifesto a desigualdade de xénero en ciencia: a invisibilización das contribucións das científicas e a discriminación das mulleres na carreira científica a través de mecanismos informais indirectos”.

Como exemplo, no caso do Premio nacional de Investigación, desde o ano 1982 a 2014 outorgáronse un total de 103 premios, dos cales 95 concedéronse a científicos e soamente 8 a científicas.

Con todo, nos premios que se entregan de forma automática e obxectiva, a quen ten os mellores expedientes, o número de mulleres premiadas supera lixeiramente ao de homes. Nos Premios nacionais de Fin de Carreira a porcentaxe de mulleres premiadas entre 2009-2014 foi do 53,22% do total.

Outro ámbito de análise é o referido ao proceso de transferencia, entendido como a transmisión do coñecemento e dos resultados da investigación á sociedade, e que se fai mediante publicacións, congresos, licenzas e patentes, acordos de cooperación en I+D+i e creación de spin-off.

Na normativa revisada tamén se pode apreciar que a perspectiva de xénero non está presente nin no enfoque nin nos procesos e procedementos no marco da estratexia do *mainstreaming* de xénero.

- Resolución do 11 de marzo de 2015, da Oficina Española de Patentes e Marcas, pola que se convoca subvencións para o fomento de solicitudes de patentes e modelos de utilidade, españois e no exterior.
- Lei 11/1986, do 20 de marzo, de Patentes e normativa de aplicación e desenvolvemento dos artigos 20 e 154 da Lei de patentes.
- Regulamento e modelo de contrato para a prestación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (artigo 83 da LOU), das Universidades.

Por último, revísase a normativa e programas relativos ao fomento do emprendemento. Neste caso atopamos varios programas específicos para promover esta actividade entre as mulleres que evidentemente si teñen impacto positivo no fomento do emprendemento feminino.

- Programa EMEGA.
- Rede Emprende en Igualdade: accións formativas en novas tecnoloxías.

- Programa de fomento do emprendemento feminino, a innovación das Pemes e emprendedoras galegas e a plataforma de emprendemento feminino.
- Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da universidade (spin-off).
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Iniciativas de emprego de base tecnolóxica.
- Premios INCUVI Emrende.

No ámbito universitario a Universidade de Santiago de Compostela ten unha área de Valorización, Transferencia e Emrendemento (AVTE), que pode servir de portal de apoio ao persoal investigador que teña interese en iniciar unha actividade empresarial. As Universidades da Coruña e Vigo canalizan a través das OTRI esta actividade.

Na normativa e programación xeral non se aprecia unha atención especial ao emprendemento feminino, aspecto que se evidencia ao comprobar que no enfoque e deseño dos instrumentos de apoio, información, acompañamento e asesoramento para emprender, apenas se teñen presentes as diferentes posicións de mulleres e homes ante a actividade emprendedora aínda que a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, contempla no seu artigo 17 *Políticas públicas de igualdade e non discriminación no apoio ás persoas emprendedoras* que “As políticas públicas de apoio ás persoas emprendedoras previstas na presente lei e as que se inclúan nos plans de apoio ás persoas emprendedoras terán, entre outros, como obxectivos prioritarios a promoción do empresariado feminino no marco das políticas de igualdade e o fortalecemento dos proxectos de emprendedores liderados por mulleres”.

Con todo, esta obrigación normativa non se chega a operativizar completamente tanto pola falta de consciencia de que a igualdade é resultado dun acto intencional como polo que diversos estudos poñen de manifesto: o feito de coñecer a outras persoas empresarias e a capacidade de percibir oportunidades de negocio son variables determinantes á hora de emprender, estando estes aspectos máis presentes na forma de facer e estar dos homes que na das mulleres. Outros factores que facilitan ou dificultan o emprendemento feminino, son as redes

sociais, o acceso a financiamento e o marco institucional de apoio á actividade emprendedora, que en xeral adoita ser máis vantaxoso para os homes que para as mulleres.

Todo iso mostra que existen claras diferenzas entre mulleres e homes para promover proxectos empresariais e son as prácticas androcéntricas as que xeran discriminacións que desembocan na desigualdade das mulleres á hora de emprender unha actividade por conta propia. Así, e a pesar de que é difícil demostrar que as mulleres reciban un trato discriminatorio na súa relación coas entidades de crédito e de investimento, si se puido constatar que as emprendedoras teñen maiores dificultades para acceder ao financiamento, porque aínda que os criterios de avaliación das entidades financeiras e de grupos de capital son aparentemente iguais²⁸ para mulleres e homes, si existen diferenzas no proceso de negociación que poden provocar variacións no cociente de endebedamento ou no acceso que as emprendedoras teñen ao financiamento. (Carter *et al*, 2007; Gatewood *et al*, 2009; Kim, 2006; e Marlow e Patton, 2005).

Ante esta situación cobran aínda maior relevancia as iniciativas tendentes a promover o emprendemento feminino da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia: o "Programa EMEGA", a Rede Emprende en Igualdade, e os programas de fomento do emprendemento feminino, a innovación das Pemes e emprendedoras galegas, así como a creación da páxina web Plataforma de Emprendemento Feminino.

O Programa EMEGA convoca axudas nas seguintes liñas de actuación:

- a) Liña Emprende:** liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais.
- b) Liña Innova:** liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade.
- c) Liña Activa:** liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación e consolidación de empresas para paliar unha situación económica adversa e acadar o necesario equilibrio empresarial para asegurar a súa pervivencia e consolidación no actual contexto económico.

²⁸Resulta moitas veces difícil por non dicir imposible coñecer os criterios para a concesión de créditos e como poden operar en mulleres e homes.

d) Liña ITEF: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica.

e) Axuda complementaria Concilia: co obxecto de promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, en dúas modalidades, concilia-promotoras e concilia-persoas traballadoras por conta allea.

f) Axuda complementaria Dual: para incentivar a participación no programa de titorización que organiza a Secretaría Xeral da Igualdade co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais subvencionados ao abeiro da convocatoria.

Pola súa banda, co programa Rede Emprende en Igualdade: accións formativas en novas tecnoloxías, póñense en marcha *actuacións* "de asesoramento, apoio e formación dirixidas ás mulleres potencialmente emprendedoras para axudalas na posta en marcha ou modernización das súas empresas e na procura de emprego para fomentar a súa adaptabilidade e concorrência no mercado actual".

A iniciativa Fomento do emprendemento feminino, a innovación das Pemes e emprendedoras galegas e a Plataforma de Emprendemento Feminino persegue "potenciar e fortalecer ás emprendedoras galegas e Pemes, a iniciativa empresarial feminina e o emprendemento innovador feminino en Galicia".

Outra actividade orientada a potenciar o emprendemento feminino é o programa Woman Emprende, dentro do programa Uniemprende da Universidade de Santiago de Compostela, que consiste na creación e consolidación dunha rede para "potenciar a creación de empresas no ámbito universitario, e conseguir resultados de participación das mulleres en consonancia á súa cota de participación na Universidade".

As empresas que son asesoradas a través de Woman Emprende visibilizan a mulleres universitarias que grazas ao seu coñecemento e o apoio ou asesoramento adecuado lograron poñer en marcha empresas pioneiras, xerando valor e riqueza con principios socialmente responsables.

O programa é un referente nacional grazas ao desenvolvemento da metodoloxía INNOVATIA 8.3, que é unha proposta para elaborar e definir un ecosistema de xénero do emprendemento baseado na tecnoloxía e o coñecemento, nas

universidades e centros de investigación, cuxo principal obxectivo é introducir a perspectiva de xénero nos procesos de transferencia de coñecemento e na creación de empresas.

En resumo:

Atópanse escasas referencias na normativa e nos documentos que regulan os procesos e procedementos de traballo do sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación que obriguen a transversalizar o principio de igualdade entre mulleres e homes. Por iso débese:

- Traballar na integración da perspectiva de xénero nos procedementos de traballo: elección de temáticas de investigación, composición de grupos de investigación, difusión e transferencia, creación de spin-off, start up...
- Transversalizar a igualdade nos procedementos administrativos: xerar información desagregada por sexo, comunicar o valor da igualdade, incorporar cláusulas de igualdade na contratación de provedores, elaborar orzamentos responsables co xénero...
- Fomentar que se aplique o principio de igualdade entre mulleres e homes no desempeño de funcións, contratación de persoal e desenvolvemento de carreira no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Nos materiais didácticos ou de acompañamento da actividade emprendedora, salvo que fosen elaborados por unidades de igualdade ou no marco de programas de igualdade, tampouco se transversaliza o principio de igualdade entre mulleres e homes.

No plano positivo débese mostrar que existen diversos programas e liñas de axudas específicas para favorecer a participación das mulleres no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación.

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN


7. ARTICULACIÓN DA ESTRATEXIA DE II PROGRAMA GALEGO DE MULLER E CIENCIA

A estratexia, núcleo central do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020, recolle de forma estruturada e xeral os contidos para desenvolver durante os catro anos da súa vixencia para reducir as fendas de xénero e avanzar cara á igualdade de mulleres e homes. Doutra banda, incorpóranse os indicadores que facilitan o seguimento e posterior avaliación do II Programa.

Nesta fase, identifícanse as liñas xerais de actuación do II programa, que se corresponde cos obxectivos, eixos estratéxicos e actuacións xerais de carácter xenérico. Anualmente elaboraranse plans anuais de traballo para o desenvolvemento do II Programa.

Desta forma, o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020 articúlase, conforme a un esquema lóxico de planificación estratéxica, nos seguintes elementos: eixo e o seu correspondente obxectivo xeneral, obxectivos específicos de cada eixo e actuacións para o seu logro.

Gráfico 18. Esquema de Planificación Estratéxica do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020



Fonte: Elaboración propia.

O punto de partida desta planificación é establecer as sinerxias positivas e complementariedade entre todos os niveis, pois ten en consideración que os obxectivos dun nivel deben servir como marco de referencia das intervencións do nivel inmediatamente inferior. Inversamente, de abaixo a arriba, os obxectivos específicos dun nivel deberán constituír os resultados que se esperan alcanzar nos niveis superiores.

Desta forma, establécense distintos tipos de obxectivos: o das realizacións, que se interpretarían como os efectos directos e inmediatos producidos pola execución das actuacións; o dos resultados relacionados co logro dos obxectivos específicos e o dos impactos asociados aos obxectivos xerais.

A finalidade do Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020 queda definida da seguinte forma:

Avanzar na incorporación efectiva dos criterios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para conseguir un verdadeiro cambio de paradigma no mundo científico que permita alcanzar resultados tanxibles e duradeiros aproveitando tanto o talento das mulleres como dos homes.

O seguinte nivel de planificación, os tres eixos estratéxicos, correspóndese coa estrutura do diagnóstico no que se analizan as áreas de oportunidade nas que se deben desenvolver as accións da política de xénero para avanzar no logro efectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Os tres eixos estratéxicos, polo tanto, correspóndense cos seguintes:



Cambio institucional e organizacional.

A partir da análise da presenza do principio de igualdade entre mulleres e homes no marco normativo e o armazón institucional que sostén o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación, extraíense as prioridades para favorecer o cambio institucional e organizacional. Preténdese incidir na creación dun marco normativo que evite as discriminacións indirectas traballando simultaneamente para modificar o sistema de crenzas e valores que sosteñen o androcentrismo e a falta de perspectiva de xénero dos aspectos intanxibles que compoñen a cultura organizacional. Para iso a implicación e o compromiso dos niveis de toma de decisión co logro da igualdade de mulleres e homes é o elemento crave do cambio.

En consecuencia, este eixo expónse como obxectivo xeral: **Conseguir o compromiso das institucións implicadas no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para a integración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

Para o logro deste obxectivo xeral establecéronse dous específicos, un relativo á necesidade de que a perspectiva de xénero realmente sexa un principio que ordene e regule o sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación co fin de modificar paulatinamente as súas crenzas, hábitos e valores e outro sobre a necesidade de reducir a influencia dos estereotipos de xénero nas crenzas e visión da sociedade e nos hábitos, comportamentos e contidos do sistema educativo e que dificultan a participación en condicións de igualdade das mulleres respecto dos homes.

No último nivel de planificación, para o logro de cada obxectivo prevíuse un conxunto de actuacións que son as que deben facer efectiva a intervención que serán obxecto cada unha delas dunha planificación anual e concreta.

Obxectivo Específico 1.1: Consolidar a integración da perspectiva de xénero como principio reitor do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación. Inclúense 6 actuacións.

1.1.1. Promover a colaboración e coordinación das unidades de igualdade das distintas Universidades galegas para velar pola integración do principio de igualdade de xénero na normativa que desenvolva o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

1.1.2. Establecer criterios xerais para integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes na elaboración, execución e avaliación da estratexia e das axudas públicas do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

1.1.3. Asesorar e formar en materia de igualdade e de integración da perspectiva de xénero ao persoal do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación

1.1.4. Valorar de forma continua, en termos de impacto de xénero, os principais programas e convocatorias de axudas do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación, para identificar e eliminar posibles nesgos.

1.1.5. Identificar as accións con maior impacto na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para valorar a súa aplicación a outros ámbitos do sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación.

1.1.6. Establecer fórmulas de colaboración con outras entidades para o intercambio de boas prácticas e desenvolvemento de experiencias que permitan avanzar en transversalizar o principio de igualdade de xénero na estratexia de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Obxectivo Específico 1.2.: Reducir a influencia dos estereotipos de xénero mediante accións de sensibilización á sociedade en xeral, e en particular no ámbito educativo, con actividades de divulgación científica. Inclúense 5 actuacións.

1.2.1. Realizar accións de sensibilización á comunidade educativa sobre os beneficios de avanzar na igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito da ciencia, a tecnoloxía e a innovación

1.2.2. Identificar boas prácticas e referentes femininos no ámbito científico e difundir as accións que destaquen polas súas achegas á ruptura dos estereotipos de xénero no ámbito da produción e aplicación do coñecemento.

1.2.3. Planificar unha intervención que promova unha maior participación das nenas e as mozas nas materias científicas e

tecnolóxicas en todas as etapas do sistema educativo para promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica.

1.2.4. Promover o papel impulsor do profesorado e do persoal orientador dos centros educativos de primaria, secundaria e bacharelato como elemento crave para evitar as eleccións académicas nesgadas polo xénero.

1.2.5. Establecer vías de colaboración e comunicación con grupos e asociacións de mulleres investigadoras, asociacións de comunicación e divulgación da cultura científica e tecnolóxica e entidades que promovan o apoio social ás mulleres.

Presenza equilibrada de mulleres e homes

Neste eixo establécense as prioridades para incidir na redución das fendas de xénero existentes nos diferentes mecanismos de creación e transferencia de coñecemento e tecnoloxía. Preténdese aumentar a participación das mulleres nas diferentes fases da actividade científica e investigadora, nas diferentes temáticas e nas categorías profesionais que articulan o sistema.

O obxectivo xeral que se expón é: **Equilibrar a presenza de mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación tanto nas áreas de coñecemento como nos postos de responsabilidade.**

Este eixo igualmente contempla dous obxectivos específicos cuxo logro deben contribuír ao equilibrio na presenza das mulleres e homes no sistema. Neste caso, abórdase non só a menor presenza senón o problema da segregación que se constata no sistema (tanto horizontal como vertical), así como a falta de visibilidade e recoñecemento do traballo das mulleres na ciencia, tecnoloxía e innovación.

Cada obxectivo leva asociados os grupos de actuacións que se desenvolverán nos catro anos do II Programa Galego de Muller e Ciencia mediante os correspondentes plans anuais de traballo.

Obxectivo Específico 2.1: Reducir a segregación horizontal e vertical que se produce no mundo da investigación, ciencia e tecnoloxía. Inclúense 6 actuacións.

2.1.1. Dinamizar os espazos de divulgación da Unidade de Muller e Ciencia con información de interese para a promoción da carreira profesional das mulleres.

2.1.2. Promover a incorporación de investigadoras a organizacións públicas e privadas nos sectores relacionados coa I+D+i e as TIC

2.1.3. Fomentar o emprendemento feminino nos sectores científico e tecnolóxico para favorecer o desenvolvemento da carreira profesional de mulleres.

2.1.4. Favorecer a incorporación das mulleres en postos de dirección nas institucións científicas e tecnolóxicas, públicas e privadas.

2.1.5. Aumentar a presenza das mulleres nos comités de persoas expertas e órganos de decisión sobre o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

2.1.6. Realizar accións de sensibilización e formación para a adopción de boas prácticas de igualdade de xénero nas empresas e institucións do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Obxectivo Específico 2.2.: Mellorar a visibilidade do traballo e achega das mulleres ao mundo da ciencia, tecnoloxía e innovación impulsando referentes femininos. Inclúense 5 actuacións.

2.2.1. Diseñar e difundir un directorio de mulleres científicas galegas, por área de coñecemento e completalo con publicacións, webs, exposicións, congresos, xornadas e outros recursos.

2.2.2. Apoiar as investigacións e promocionar publicacións que poñan de relevo a importancia das achegas das mulleres no avance da ciencia e coñecemento.

2.2.3. Realizar actividades de sensibilización e información para promover a construción de referentes femininos e recoñecer as achegas das mulleres ao campo da ciencia e tecnoloxía.

2.2.4 Consolidar o Premio a mulleres científicas, como un dos actos centrais que contribúen a visibilizar e poñer en valor o traballo das mulleres científicas galegas

2.2.5. Colaborar con outras entidades en premios, concursos e outros mecanismos de recoñecemento que permitan participar en igualdade de condicións a mulleres e homes, especialmente naqueles ámbitos das ciencias en que a muller se atope infrarrepresentada.

Perspectiva de xénero en procesos e procedementos de traballo

Eixo dirixido á integración transversal do principio de igualdade entre mulleres e homes nos principais procesos de traballo (planificación, execución, avaliación) e nos procedementos comúns ao quefacer do marco institucional e/ou privado (xeración de información e comunicación, contratación provedores, axudas e subvencións, composición por sexo dos órganos colexiados...) no que se desenvolve a actividade investigadora e a súa transferencia ao ámbito produtivo. Preténdese transversalizar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todo o proceso abarcando desde a creación de coñecemento e a súa transferencia a actividade produtiva ata a súa posterior utilización nos ámbitos de actividade económica e profesional públicos e privados.

Neste eixo expónse o seguinte obxectivo xeral: **Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en cada fase da produción, transferencia e aplicación do coñecemento.**

O seu logro relaciónase con outros dous obxectivos específicos que a través dun conxunto de actuacións tratan de modificar os procesos e procedementos de traballo no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Como nos eixos anteriores, estes obxectivos despréganse en actuacións que serán concretadas mediante accións planificadas anualmente.

Obxectivo Específico 3.1.: Promover a integración da perspectiva de xénero nos procedementos de traballo. Inclúense 7 actuacións.

3.1.1. Promocionar e reforzar os estudos, investigacións e proxectos con perspectiva de xénero no ámbito da I+D+i, no sector público e no privado mediante a incorporación de contidos de igualdade, uso dunha linguaxe non sexista e de indicadores desagregados por sexo.

3.1.2. Avanzar nun cambio na actividade académica, científica, tecnolóxica e de innovación que introduza a perspectiva de xénero e se adecúe ás necesidades e experiencias das mulleres.

3.1.3. Incorporar cláusulas de igualdade de mulleres e homes en convenios de colaboración, sistemas de contratación así como en todas as convocatorias de axudas para entidades públicas ou privadas do sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación de Galicia.

3.1.4. Impulsar o desenvolvemento de información sobre o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación co nivel de desagregación por sexo que facilite a planificación, seguimento e valoración do impacto de xénero.

3.1.5. Reforzar o seguimento da inclusión da perspectiva de xénero na documentación estratéxica que os axentes crave do sistema difundan en prensa, sitios web, redes sociais, e outros medios, mediante a utilización sistemática dunha linguaxe e iconografía non sexista e a presentación de datos estatísticos desagregados por sexo.

3.1.6. Establecer criterios para integrar a perspectiva de xénero nos contidos de acompañamento e asesoramento nos procesos de emprendemento, creación e consolidación de empresas de base científica e tecnolóxica.

3.1.7. Promover a iniciativa empresarial feminina no ámbito da investigación, ciencia e tecnoloxía.

Obxectivo Específico 3.2.: Fomentar que se aplique o principio de igualdade entre mulleres e homes no desempeño de funcións, contratación e desenvolvemento de carreira no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación. Inclúense 4 actuacións.

3.2.1. Avaliar periodicamente o estado de integración da perspectiva de xénero no sistema para identificar as barreiras e obstáculos que dificultan a incorporación e promoción das mulleres nas institucións do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

3.2.2. Avaliar os procesos de contratación, promoción, formación e condicións de traballo dos axentes clave do sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación, para identificar a fenda salarial e as situacións de discriminación directa ou indirecta e elaborar propostas para a súa modificación.

3.2.3. Promover e fomentar o uso de medidas de conciliación e corresponsabilidade a partir dunha análise das necesidades existentes nesta materia no marco do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.

3.2.4. Promover o desenvolvemento de actitudes de corresponsabilidade no ámbito do coidado nas entidades que compoñen o sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación mediante a realización de seminarios e encontros e a difusión dos seus resultados.

No seguinte esquema preséntase de forma resumida a articulación estratéxica do II programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020, e a continuación insírense as táboas coas actuacións:

Esquema do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020:

Avanzar na incorporación efectiva dos criterios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para conseguir un verdadeiro cambio de paradigma no mundo científico que permita alcanzar resultados tanxibles e duradeiros aproveitando tanto o talento das mulleres como dos homes

Eixo Estratéxico 1:
Cambio institucional e organizacional do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación

Obxectivo xeral: Consegui^r o compromiso das institucións implicadas no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para a integración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Obxectivo Específico 1.1.

Consolidar a integración da perspectiva de xénero como principio reitor do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación

6 Actuacións

Obxectivo Específico 1.2.

Reducir a influencia dos estereotipos de xénero sensibilizando á sociedade, e en particular no ámbito educativo, con actividades de divulgación científica

5 Actuacións

Eixo Estratéxico 2:
Presenza equilibrada de mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación

Obxectivo Xeral: Equilibrar a presenza de mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación tanto nas áreas de coñecemento como nos postos de responsabilidade

Obxectivo Específico 2.1.

Reducir a segregación horizontal e vertical que se produce no mundo da investigación, ciencia e tecnoloxía

6 Actuacións

Obxectivo Específico 2.2.

Mellorar a visibilidade do traballo e achega das mulleres ao mundo da ciencia, tecnoloxía e innovación impulsando referentes femininos

5 Actuacións

Eixo Estratéxico 3:
Integrar a perspectiva de xénero en procesos e procedemento de traballo

Obxectivo Xeral: Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en cada fase da producción, transferencia e aplicación do coñecemento

Obxectivo Específico 3.1.

Promover a integración da perspectiva de xénero nos procedementos de traballo.

7 Actuacións

Obxectivo Específico 3.2.

Fomentar que se aplique o principio de igualdade entre mulleres e homes no desempeño de funcións, contratación e desenvolvemento de carreira no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación

4 Actuacións

EIXO ESTRATÉGICO 1: Cambio institucional e organizacional			
OBXECTIVO XERAL		Conseguir o compromiso das institucións implicadas no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para a integración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	
OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1.		Consolidar a integración da perspectiva de xénero como principio reitor do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación	
Nº	Actuacións	Órgano responsable	Indicadores clave (de realización e resultado)
1.1.1	Promover a colaboración e coordinación das unidades de igualdade das distintas Universidades galegas para velar pola integración do principio de igualdade de xénero na normativa que desenvolva o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.	Unidade de Muller e Ciencia	- Nº de actividades de coordinación e colaboración realizadas e tipoloxía
1.1.2	Establecer criterios xerais para integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes na elaboración, execución e avaliación da estratexia e das axudas públicas do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de criterios utilizados -Nº de plans e programas en que se aplican os criterios
1.1.3	Asesorar e formar en materia de igualdade e de integración da perspectiva de xénero ao persoal do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de accións formativas -Nº persoas participantes desagregadas por sexo
1.1.4	Valorar de forma continua, en termos de impacto de xénero, os principais programas e convocatorias de axudas do sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación, para identificar e eliminar posibles nesgos.	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de programas e convocatorias valorados -Nº de programas e convocatorias con impacto de xénero -% de convocatorias con impacto de xénero con respecto ás convocatorias totais.
1.1.5	Identificar as accións con maior impacto na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para valorar a súa aplicación a outros ámbitos do sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación.	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de accións analizadas -Nº de accións identificadas con capacidade de aplicarse noutros ámbitos
1.1.6	Establecer fórmulas de colaboración con outras entidades para o intercambio de boas prácticas e desenvolvemento de experiencias que permitan avanzar en transversalizar o principio de igualdade de xénero na estratexia de ciencia, tecnoloxía e innovación.	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de entidades coas que se colabora e ámbito xeográfico -Nº de boas prácticas e experiencias intercambiadas

EIXO ESTRATÉXICO 1: Cambio institucional e organizacional

OBXECTIVO XERAL	Conseguir o compromiso das institucións implicadas no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para a integración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2.	Reducir a influencia dos estereotipos de xénero mediante accións de sensibilización á sociedade en xeral, e en particular no ámbito educativo, con actividades de divulgación científica.

Nº	Actuacións	Órgano responsable	Indicadores clave (de realización e resultado)
1.2.1	Realizar accións de sensibilización á comunidade educativa sobre os beneficios de avanzar na igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito da ciencia, a tecnoloxía e a innovación	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº accións/actividades de sensibilización realizadas -Nº de persoas participantes por sexo
1.2.2	Identificar boas prácticas e referentes femininos no ámbito científico e difundir as accións que destaquen polas súas achegas á ruptura dos estereotipos de xénero no ámbito da produción e aplicación do coñecemento.	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de accións realizadas -Nº de boas prácticas identificadas -Nº de referentes femininos identificados
1.2.3	Planificar unha intervención que promova unha maior participación das nenas e as mozas nas materias científicas e tecnolóxicas en todas as etapas do sistema educativo para promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica.	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de programas/proxectos realizados en cada etapa educativa -Nº de participantes por sexo
1.2.4	Promover o papel impulsor do profesorado e do persoal orientador dos centros educativos de primaria, secundaria e bacharelato como elemento clave para evitar as eleccións académicas nesgadas polo xénero	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de accións realizadas co profesorado -Nº de participantes desagregado por sexo -% de mozas que elixen optativas de ciencia e tecnoloxía ou bacharelato tecnolóxico - Comparativa 2016-2020 entre mulleres e homes nas carreiras técnicas.
1.2.5	Establecer vías de colaboración e comunicación con asociacións de mulleres investigadoras, asociacións de comunicación e divulgación da cultura científica e tecnolóxica e entidades que promovan o apoio social ás mulleres,	Unidade de Muller e Ciencia	-Nº de colaboracións realizadas -Nº de asociacións e entidades coas que se colabora -Nº de entidades que reciben comunicacións

EIXO ESTRATÉXICO 2: Presenza equilibrada de mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación			
OBXECTIVO XERAL		Equilibrar a presenza de mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación tanto nas áreas de coñecemento como nos postos de responsabilidade.	
OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1		Reducir a segregación horizontal e vertical que se produce no mundo da investigación, ciencia e tecnoloxía.	
Nº	Actuacións	Órgano responsable	Indicadores clave (de realización e resultado)
2.1.1	Dinamizar os espazos de divulgación da Unidade de Muller e Ciencia con información de interese para a promoción da carreira profesional das mulleres.	Unidade de Muller e Ciencia	– Nº de visitas da web – Nº actuacións difundidas
2.1.2	Promover a incorporación de investigadoras a organizacións públicas e privadas nos sectores relacionados coa I+D+i e as TIC	Unidade de Muller e Ciencia	– Nº de accións de promoción – Nº de investigadoras incorporadas
2.1.3	Fomentar o emprendemento feminino nos sectores científico e tecnolóxico para favorecer o desenvolvemento da carreira profesional de mulleres.	Unidade de Muller e Ciencia	– Nº de accións realizadas – Nº de mulleres participantes – Nº de empresas creadas por mulleres no ámbito
2.1.4.	Favorecer a incorporación das mulleres en postos de dirección nas institucións científicas e tecnolóxicas, públicas e privadas.	Unidade de Muller e Ciencia	– Nº de accións realizadas – Nº de mulleres incorporadas en postos de dirección
2.1.5	Aumentar a presenza das mulleres nos comités de persoas expertas e órganos de decisión sobre o sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación.	Unidade de Muller e Ciencia	– % de comités e órganos con presenza equilibrada por sexo – % comparativo de comités e órganos con presenza equilibrada por sexo en 2016 e 2020
